



## Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar  
32003 Ourense  
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178  
CIF: G32244345

**RAFAEL RODRÍGUEZ VILLARINO**, deputado e voceiro do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Ourense, en base ó previsto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, ó artigo 91 e 97, entre outros, do R.O.F. e o Regulamento da Corporación presenta unha **MOCIÓN SOBRE A SITUACIÓN DA SANIDADE PÚBLICA EN GALICIA**.

Despois da primeira onda da pandemia provocada pola COVID-19, as medidas sanitarias e sociais implantadas están recibindo un tímido apoio por parte da Xunta de Galicia. Esta situación está a dificultar unha maior eficacia posible ante a nova onda, e o sistema sanitario público de Galicia está a afrontar en condicións limitadas este novo reto.

A concreción sobre o número de rastrexadores existentes no Sergas, sobre os que Alberto Núñez Feijóo afirmou que Galicia tiña “máis de 6000”, pero desde a Consellería de Sanidade aseguraron despois que “non podían dar un número exacto porque non hai contratados con esa figura para ningún profesional”, está a provocar que Galicia sexa a comunidade autónoma que peores datos rexistra sobre o coñecemento da orixe dos contaxios, non identificando dous de cada tres orixes de infeccións.

As políticas de recortes dos últimos anos levaron, ademais, a que Galicia afronte a situación cun problema grave de persoal no sistema sanitario público. A nosa comunidade é a terceira peor de España en cociente de médicos/as por habitante: aproximadamente 450 por cada 100.000 habitantes coa media Española ó redor de 480, segundo o informe do Consello Xeral de Colexios Médicos de España. Tamén é a terceira CCAA con peor cociente de enfermeiros/as por paciente con 5,4 por cada 1000 (a media española está non 5,9 e a europea preto do 8).

Temos a peor cociente de profesionais por paciente tamén en áreas como a saúde mental, e estamos por debaixo da media estatal en matronas por habitante. En pediatría, Galicia non chega ao 90% de prazas de atención primaria cubertas por pediatras, mentres comunidades en situacións parecidas, como Asturias, supera o 98 %, tal e como indican os informes da Asociación Española de Pediatría.

A pesar diso, nos últimos 10 anos, Galicia deixou de formar a 150 médicos de familia e comunitarios, deixando sen solicitar a propósito prazas MIR. Logo da chegada de Pedro Sánchez ao Goberno central, foron concedidas a Galicia o maior número de prazas MIR da historia, tamén non específico de medicina de familia e pediatría.

No ámbito da atención primaria, que leva anos sendo obxecto de numerosas reclamacións e queixas, os centros de saúde aínda permanecen maioritariamente pechados á atención presencial e a atención telefónica pretende cubrir a asistencia sanitaria maioritaria. Con isto, os pacientes crónicos están a sufrir importantes dificultades para ser atendidos e mesmo hai problemas para conseguir citas para renovación de receitas para tratamentos.

O Sergas está a aplicar dende hai anos unha política de servizos mínimos continuados nos centros de atención primaria da provincia, onde traballadores e veciñanza padecen faltas de



## Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar  
32003 Ourense  
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178  
CIF: G32244345

persoal e de servizos. Os centros de saúde do rural cada vez teñen menor dotación médica, de enfermería e doutras especialidades moi necesarias no día a día.

Numerosos colectivos médicos están amosando ou seu malestar, e como conxunto de todas as súas reivindicacións o maior sindicato médico de Galicia (CESM), iniciou unha folga indefinida nalgúns días de traballo para reivindicar melloras nas condicións laborais e de asistencia.

É preciso recuperar toda a atención presencial posible, porque non é substituíble pola atención telefónica. Os anuncios do goberno da Xunta de Galicia, nomeadamente por parte de Núñez Feijoo, de que a atención sanitaria debe tender a ser telemática causan moita incerteza entre os profesionais da medicina e a poboación.

Por todo o exposto, o grupo provincial socialista presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

O Pleno da Deputación Provincial de Ourense insta o Goberno da Xunta de Galicia a:

- 1. Iniciar a recuperación da atención primaria presencial para poder ofrecer a mellor calidade asistencial posible.**
- 2. Abrir un proceso de recuperación dos profesionais perdidos nos últimos anos, con especial atención á atención primaria, garantindo a cobertura e substitución dos profesionais dos centros de saúde para non afastar a asistencia sanitaria da cidadanía.**

Ourense, 13 de novembro de 2020

Asinado: Rafael Rodríguez Villarino.

**SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE**